



## Formación profesional

# Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

### Centro educativo

| Código   | Centro          | Curso académico |
|----------|-----------------|-----------------|
| 15001033 | Cfea de Guisamo | 2019-2020       |

### Ciclo formativo

| Código  | Nome                  |
|---------|-----------------------|
| CMAGA03 | Xardinaria e floraría |

### Módulo profesional

| Código | Nome                                   |
|--------|--|
| MP0576 | Implantación de xardíns e zonas verdes |

### Alumnado

| Réxime     | Modalidade | Grupo      |
|------------|------------|------------|
| Presencial | Ordinaria  | Grupo A, B |

### Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

| Nome e apelidos  |
|------------------|
| Dulce Sisto Rico |

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.



## 1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

### 1.1 Identificación da unidade didáctica

| Nº   | Unidade didáctica  |                          |                                      |                                   |
|--|--|--------------------------|--------------------------------------|-----------------------------------|
| 1/2  | Replanteo de zonas verdes, Preparación do terreo e pequenas instalacións, así coma sementeira e implantación de material vexetal |                          |                                      |                                   |
| Resultado de aprendizaxe   | Criterio de avaliación   | Imprescindible (si, non) | Desenvolverase neste curso (si, non) | Instrumento de avaliación         |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Replantexar elementos de zona verde, medir e marcar</li> </ul>        | <ul style="list-style-type: none"> <li>Usar planos e bosquejos, medir e sinalizar no terreo</li> </ul>                           | Si                       | Si                                   | Proba escrita e Práctica en finca |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Preparación de terreo, medios e métodos</li> </ul>                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Aplicar enmendas e abonados ao terreo, preparación do solo</li> </ul>                     | Si                       | Si                                   | Proba escrita e Práctica en finca |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza pequenas construcións e instalacións en xardinaría</li> </ul> | Vídeos ilustrativos, materiais para pequenas instalacións  | Si                       | Si                                   | Práctica en finca                 |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Sementeira e implantación de material vexetal</li> </ul>              | <ul style="list-style-type: none"> <li>Preparación do terreo, manexo de sementes, tepes, etc</li> </ul>                          | Si                       | Non                                  | Proba escrita e Práctica en finca |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Será unha puntuación de 5 nas probas escritas e unha valoración xeral de todos os aspectos a ter en conta para o traballo na finca (Seguridade, eficacia, prevención, uso de epis, uniformidade, limpeza no traballo, criterios de sostibilidade e de igualdade.



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Critérios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

| Nº       | Unidade didáctica  |  |   |   |
|----------|--|--|---|---|
| 1/2      | Replantexo de zonas verdes, preparación do terreo, pequenas instalacións, así como sementeira e implantación de material vexetal |  |   |   |
| 1ª aval. | 2ª aval.   | Resultado de aprendizaxe   | Criterio de avaliación  | Instrumento de avaliación   |
| 1        |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Preparación de terreo para un xardín</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Limpeza, traballado, preparación e nivelación, instalacións de material vexetal e non vexetal</li> </ul> | Proba escrita e valoración das prácticas realizadas na finca                |
| 2        |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Replantexo, medicións e plantación</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Uso de planos e bosquejos, medicións e replantexos no terreo</li> </ul>                                  | Proba escrita e valoración das prácticas realizadas na finca                |
|          | 1  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Pequenas instalacións en xardinaría</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento das posibles instalacións, materiais, mobiliario de xardín, drenaxes, rega, etc</li> </ul>   | Traballos sobre vídeos relacionados coas instalacións en xardíns            |
|          | 2  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Sementeira de céspedes</li> </ul>               | <ul style="list-style-type: none"> <li>Preparación do terreo para unha sementeira dun céspede ou tepe</li> </ul>                                | Traballos sobre vídeos relacionados coa sementeira ou a instalación de tepe |

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao través da nosa web, vídeos amenos e ilustrativos e cuestionarios relacionados con eles, vídeos sobre como preparar a instalación dun xardín desde cero, vídeos sobre xardíns verticais, drenaxes de campos deportivos, instalacións de rega, máquinas e mantemento, etc



### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Estase a traballar con estes alumnos, dado que agora a asistencia non é xa un esixible. Hai un so caso, neste módulo, e o alumno está a facer o mesmo traballo que os demais, xa que se trata de traballos que abarcan un recordatorio de todas as Unidades Didácticas.

Neste caso concreto, afecta ao segundo trimestre do curso, co cal estamos a traballar con esta materia. O alumno ten o primeiro trimestre aprobado.



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aínda que resulta complicado, sobre todo para os alumnos con estas características que están a traballar sos, e certo que estamos a pedir so uns mínimos. Hai alumnos moi traballadores pero que lles costa moito, polo que as clases presenciais son esenciais para eles. Outros teñen apoio na casa e notase. Hai un caso que, aínda que ten xa medios informáticos e wiffi como para estar a traballar, non conta cos coñecementos informáticos suficientes para estar a bo ritmo. Os alumnos que non teñen wiffi, envían foto dos traballos, coa incomodidade que iso supón para nos, dependendo da calidade das mesmas. Envíanse correos e chamadas de ánimo, para que ao contrario de agoniarse cos exercicios, os tomen coma unha aprendizaxe da súa futura profesión.